zona 6
Ría de Pontevedra
grupos de acción costeira 2007-2013

Europa inviste na pesca sustentable

# XORNADAS DE DIFUXIÓN

## 1º CONVOCATORIA - ANO 2010

## SOSTIBILIDADE COSTEIRA

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Pesca

www.accioncosteira.es

zona 6
Ría de Pontevedra
grupos de acción
costeira 2007-2013

# O GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA

Europa inviste na pesca sustentable

O Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra constituíuse No ano 2008 para optar á convocatoria de axudas do Fondo Europeo de Pesca publicadas na *Orde do 17 de xullo de 2008 pola que se convoca concurso de selección de grupos de acción costeira.*

O Grupo de acción Costeira Ría de Pontevedra é unha asociación sen ánimo de lucro formada por distintos axentes tanto públicos como privados da zona, con especial protagonismo dos pertencentes e relacionados co sector pesqueiro.

O seu obxectivo é a promoción de proxectos e actuacións que contribúan a garantir un desenvolvemento sostible das zonas costeiras dependentes da pesca e, en particular, aquelas iniciativas empresariais que contribúan a xeración de novos empregos para traballadores ou traballadoras do sector pesqueiro ou persoas que exerzan unha actividade profesional relacionada con este sector. A estratexia de desenvolvemento recóllese no Plan Estratéxico zonal aprobado pola Consellería do Mar. O seu ámbito territorial abarca os concellos de Bueu, Marín, Poio e Sanxenxo.

zona 6
Ría de Pontevedra
grupos de acción costeira 2007-2013

Europa inviste na pesca sustentable

# AXUDAS A PROXECTOS QUE CONTRIBÚAN A SOSTIBILIDADE DAS ZONAS COSTEIRAS

## 1º CONVOCATORIA - ANO 2010

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Pesca

www.accioncosteira.es

# PROXECTOS SUBVENCIONABLES

zona 6
Ría de Pontevedra
grupos de acción costeira 2007-2013

Europa inviste na pesca sustentable

A finalidade dos proxectos deberá coincidir cos seguintes ámbitos de actuación:

1. Consolidar a competitividade das zonas de pesca.
2. Reestruturar e reorientar as actividades económicas,en particular a través da promoción do turismo ecolóxico, sempre e cando estas actividades non supoñan un incremento do esforzo pesqueiro.
3. Diversificar actividades a través da promoción da pluriactividade dos pescadores, mediante a creación de empregos adicionais fóra do sector pesqueiro.
4. Ofrecer valor engadido aos produtos da pesca.
5. Axudar a pequenas infraestruturas e servizos relacionados coa pesca e o turismo en beneficio de pequenos concellos dedicados á pesca.
6. Protexer o ambiente nas zonas de pesca, co fin de manter o seu atractivo, rexenerar e desenvolver as aldeas e vilas costeiras con actividade pesqueira e protexer e mellorar o seu patrimonio natural e arquitectónico.
7. Restablecer o potencial de produción do sector pesqueiro afectado por catástrofes naturais ou industriais.
8. Promover a cooperación interrexional e transnacional.
9. Medidas para promocionar e mellorar competencias profesionais.

# TIPOS DE PROXECTOS

zona 6
Ría de Pontevedra
grupos de acción costeira 2007-2013

Europa inviste na pesca sustentable

## PRODUTIVOS:

actividades que deben favorecer unha actividade de lucro potencial para o promotor do proxecto. En xeral, poderían identificarse con proxectos de orientación empresarial ou profesional e que, por tanto, deberían proporcionar unha autosuficiencia económico-financeira a longo prazo.

**SUBVENCIONABLES ATA O 60 %.**

## NON PRODUTIVOS

os que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean afectos a unha actividade económica. Así mesmo, terán este carácter os proxectos de interese público que, mesmo constituíndo unha actividade económica ou estando afectados a unha actividade económica, non incidan sobre o réxime de competencia no territorio de que se trate.

**SUBVENCIONABLES ATA O 100 %.**

zona 6
Ría de Pontevedra
grupos de acción costeira 2007-2013

# CALENDARIO XORNADAS DIFUSIÓN – MESAS SECTORIAIS

Dous tipos de reunións:

## XORNADAS ABERTAS Á TODA A POBOACIÓN

- Breve presentación das axudas do programa de ACCIÓN COSTEIRA
- Charla / Mesa Redonda sobre un proxecto demostrativo.
- Coloquio cos asistentes

## MESAS SECTORIAIS (CHARLAS ABERTAS)

- Breve presentación das axudas do programa de ACCIÓN COSTEIRA
- Charla / Mesa Redonda sobre un proxecto demostrativo.
- Coloquio cos asistentes
- Reunión cos asociados.

zona 6
Ría de Pontevedra
grupos de acción costeira 2007-2013

# CALENDARIO XORNADAS DIFUSIÓN – MESAS SECTORIAIS

| LUNS | MARTES | MÉR. | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|
| 25 xaneiro: | 26 | 27 | 28 xaneiro: 19:30 h.<br>Auditorio de SANXENXO: **Reunión de difusión das axudas**: Temática: Creación de producto turístico. Invitado: PESCANATUR, VILAS MARIÑEIRAS (Romina Fernández). | 29 xaneiro<br>10:00 horas. – Concello de Marín: **Reunión do SECTOR PÚBLICO.**<br>19:30 horas. Salón de actos da Confraría de Bueu - **REUNIÓN DO SECTOR PESQUEIRO:** Invitado: Cofradía de Cambrils |
| 1 feb. 19:30 horas. Local da Confraría de Raxó. **Reunión de difusión das axudas**. Temática: proxectos colectivos do sector pesqueiro: Invitado: Confraría de Barallobre. | 2 feb: 19:30 h: Auditorio de Sanxenxo.<br>**Reunión do SECTOR SOCIAL**: Proxecto de Cooperación. Invitado: Cetmar. | 3 | 4 | 5 |
| 8 feb ; 19:30 horas Biblioteca de MARÍN: **Reunión de difusión das axudas**. Temática: Proxectos de dinamización das PLAZAS DE ABASTOS. Invitado: Mercado de abastos de Santiago de Compostela. | 9 feb: 19:30 h. POIO: Pazo de Ferreirós.<br>**Reunión do SECTOR ECONÓMICO**: Temática: Turismo ecolóxico, náutico e deportivo.<br>Invitado: Pedro Cembreros - Estación Náutica LLanes | 10 | 11 feb: : 19:30 horas Concello de BUEU: **Reunión de difusión das axudas**: Temática: CARPINTERÍA DE RIBEIRA. Invitados: Proxecto Ointzola. | 12 |

zona 6
Ría de Pontevedra
grupos de acción costeira 2007-2013

# CALENDARIO **XORNADAS DIFUSIÓN** – MESAS SECTORIAIS

28 xaneiro: 19:30 h.
Auditorio de SANXENXO: **Reunión de difusión das axudas**:
Temática: Creación de producto turístico.
Invitados: **PESCANATUR – Francisco Iglesias, Patrón Maior da Confraría de O Grove.** A Confraría de O Grove xunto coas de San Telmo de Pontevedra e a de Cangas constituíu o Consorcio PESCANATUR no ano 2006 como asociación sen ánimo de lucro para a posta en marcha de actividades de turismo mariñeiro, co fin de achegar ao público interesado a cultura do mar das Rías Baixas fomentando así o seu coñecemento e valoración dos seus produtos.
**VILAS MARIÑEIRAS - Romina Fernández –Coordinadora de Turismo de Sanxenxo.** O Concello de Sanxenxo participa xunto con outros dezasete concellos do norte de España nun proxecto de promoción turística conxunta baseado nun patrimonio mariñeiro común.

# CALENDARIO XORNADAS DIFUSIÓN – **MESAS SECTORIAIS**

29 xaneiro: 19:30 h.
Salón de actos da Confraría de Bueu: **Reunión do sector pesqueiro.**
Temática: Comercialización
Invitados: **Cofradía de Cambrils. Secretario e Patrón Maior da Cofradía.** A Confraría de Cambrils (Tarragona) leva moitos anos traballando en diferentes proxectos de comercialización dos seus productos que incorporan as novas tecnoloxías e a vertente turística do aproveitamento pesqueiro e o comercio polo miúdo.

# CALENDARIO **XORNADAS DIFUSIÓN** – MESAS SECTORIAIS

zona 6
Ría de Pontevedra
grupos de acción costeira 2007-2013

1 febreiro: 19:30 h.
Local da Confraría de Raxó: **Reunión de difusión das axudas**:
Temática: Proxectos de consolidación da competitividade das zonas pesqueiras.
Invitados: **Confraría de Barallobre. Vicepatrón Maior.** A Confraría de Barallobre desenvolveu un proxecto de Dinamización Comercial para fomentar la competitividade dos seus productos. As actuacións que se incluíron neste proxecto foron as seguintes:

1. Depuradora de segundo ciclo con capacidade dabondo para atender a producción e a comercialización dos mariscos da confradía.
2. Etiquetadora – Envasadora para a identificación e comercialización do marisco.
3. Furgón refrixerado para realizar o traslado e entrega do marisco aos clientes.
4. Formación aos cofrades en materia de xestión empresarial e ampliación de coñecementos de organización.
5. Portal Web para la presentación e difusión do marisco da Confraría de Barallobre.

# CALENDARIO XORNADAS DIFUSIÓN – **MESAS SECTORIAIS**

2 febreiro: 19:30 h.
Auditorio de Sanxenxo: **Reunión do sector social.**
Temática: Proxectos de cooperación no marco do GAC
Invitados: **Lucía Fraga. Coordinadora da Área de Formación - Centro Tecnolóxico do Mar - Fundación CETMAR. CETMAR** desenvolve dende hai anos un traballo comprometido de apoio e acompañamento ao sector pesqueiro en proxectos de cooperación e investigación de ámbito nacional e internacional. En particular, a súa participación no proxecto EMBARCATE presentarase como exemplo dunha dinámica de colaboración establecida para o desenvolvemento en rede dun proxecto conxunto entre entidades pesqueiras e organizacións sociais.

zona 6 Ría de Pontevedra grupos de acción costeira 2007-2013

# CALENDARIO **XORNADAS DIFUSIÓN** – MESAS SECTORIAIS

8 febreiro: 19:30 h.
Biblioteca de Marín: **Reunión de difusión das axudas**:
Temática: Ofrecer valor engadido aos productos da pesca
Invitados: A**bastos 2.0. Iago Pazos e Marcos Cerqueiro, creadores e co-socios.** Abastos é un local diminuto que en menos de quince días acapara o interese dos santiagueses a partir da súa proposta de xuntar pequenos locais comerciais á entrada da Praza de Abastos e ofrecer neles pequenas tapas montadas esencialmente a partir da provisión de produto do privilexiado mercado local que está á volta da porta.
**Mariskito.com. Fernando Cividanes.** A compra de produtos frescos por internet cada vez ten máis adeptos e disto dan fe os creadores da páxina web mariskito.com que dende o ano 2005 funciona facendo envíos de marisco a fogares de toda España en menos de 48 horas.

zona 6
Ría de Pontevedra
grupos de acción costeira 2007-2013

# CALENDARIO XORNADAS DIFUSIÓN – **MESAS SECTORIAIS**

9 febreiro: 19:30 h.
Pazo de Ferreirós - Poio: **Reunión do sector económico.**
Temática: Promoción do turismo ecolóxico, náutico e deportivo en zonas costeiras.
Invitados: **Pedro Cembreros – Estación Náutica de Llanes.** As estacións náuticas constitúen unha marca de calidade de referencia para o turismo d deportes náuticos en España. A Estación Náutica de Llanes destaca polo seu funcionamento e amplitude de oferta de servizos.

zona 6
Ría de Pontevedra
grupos de acción costeira 2007-2013

# CALENDARIO **XORNADAS DIFUSIÓN** – MESAS SECTORIAIS

11 febreiro: 19:30 h.
Concello de Bueu: **Reunión de difusión das axudas**:
Temática: Diversificación de actividades: a carpintería de ribeira.
Invitados: **Xerente de Oarsoaldea Sociedad de Desarrollo Comarcal.**
Esta entidade contribuíu a realización dun proxecto promovido pola *Asociación para la Defensa del Patrimonio Marítimo Vasco, Albaola.* Hoxe en día converteuse nun referente da revitalización do patrimonio vencellado á construcción naval tradicional a través dos seus dos espazos íntimamente relacionados:

- Un espacio constructivo: Mostra no seu interior, entre madeiras e ferramentas ancestrais, as artes da carpintería de ribeira que posibilitaron a construcción das grandes naos que asombraron ao mundo dende o século XIV. Pode contemplarse ao vivo a construcción dunha embarcación utilizando técnicas tradicionais.
- Un espacio expositivo: Na súa sala expositiva ensínanse coñecementos olvidados da construcción naval da Cultura Marítima aínda presente en Pasaia e na Comarca de Oarsoaldea.

zona 6
Ría de Pontevedra
grupos de acción
costeira 2007-2013

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Pesca

Europa inviste na pesca sustentable

www.accioncosteira.es

Sede do Grupo de Acción Costeira Ría de Pontevedra:
Edificio de Servizos. Porto de Marín 36990 MARÍN.
Tfno: 886 21 30 15 – Tfno. Móbil: 698 180 887
gacpontevedra@gmail.com